

DECRETO DE ALCALDÍA

Asunto: convocatoria sesión ordinaria Concello Pleno

A Corporación municipal, na sesión organizativa celebrada o día 12 de xullo de 2019, aprobou a fixación e periodicidade das sesións ordinarias do Pleno do Concello, que deberán celebrarse cada dous meses, o 4º venres dos meses impares, ás 20:30 horas (oito e media do serán).

Enterada da relación de expedientes.

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a **SESIÓN ORDINARIA do CONCELLO PLENO** o día **27 DE XANEIRO DE 2023 (VENRES)**, ás **20:30 horas (OITO E MEDIA DO SERÁN)**, en primeira convocatoria, a celebrar no **SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO**, coa seguinte

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA	
1	<p>1.1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES:</p> <ul style="list-style-type: none"> - ORDINARIA: núm. 2022/10, do 25 de novembro de 2022 - EXTRAORDINARIA: núm. 2023/1, do 13 de xaneiro de 2023 <p>A/s acta/s incluída/s no presente punto para a súa aprobación serán achegada/s xunto coa presente convocatoria.</p> <p>1.2.- ELIMINACIÓN DA DEDICACIÓN PARCIAL DA CONCELLERÍA DELEGADA DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN, XUVENTUDE E MEDIOS TECNOLÓXICOS</p> <p>1.3.- DESLINDE DO CAMIÑO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA QUE DISCURRE DE OESTE A ESTE (ATA O RÍO ABUÍN) ENTRE AS PARCELAS 97 E AS PARCELAS 96-1 A 96-9 DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SANTA MARÍA DE ALÓN. INICIO DE EXPEDIENTE</p> <p>1.4- MOCIÓNS</p>
2	<p>PARTE DE CONTROL (Non Resolutiva)</p> <p>2.1.- MOCIÓNS</p> <p>2.2.- DAR CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA: do 1558/2022 do 14 de novembro de 2022 ata o 1801/2022 do 30 de decembro de 2022 (ambos inclusive) e do 1/2023 do 2 de xaneiro de 2023 ata o 38/2023 do 13 de xaneiro de 2023 (ambos inclusive); ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS: núm. 2022/21, do 28 de novembro de 2022, núm. 2022/22, do 12 de decembro de 2022, núm. 2022/23, do 26 de decembro de 2022 e núm. 2023/01, do 9 de xaneiro de 2023.</p> <p>2.3.- ROGOS E PREGUNTAS</p>

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión do presente escrito, así como do recibo da/s acta/s da/s sesión/s do Concello Pleno para a súa aprobación:

APellidos e Nome	GRUPO POLÍTICO	TIPO NOTIFICACIÓN
POSE RODRÍGUEZ, MARIA JOSEFA	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ESPASANDÍN TURNES, MARÍA ESTHER	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CANCELA BLANCO, SILVIA	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
GARCÍA SUÁREZ, JOSÉ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
IGLESIAS MOURO, MANUEL ANDRÉS	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
RODRÍGUEZ TORREIRA, JOSÉ MANUEL	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
TURNES ROMERO, CARLOS	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
RUZO BLANCO, BLANCA MARÍA CARMEN	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ESPASANDÍN MARTÍNEZ, JOSÉ MARÍA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ANTELO ÁLVAREZ, JESSICA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
BARBEIRA GARCÍA, DAVID	Grupo mixto (CxG)	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL

UCHA VELO, JOSÉ ANTONIO	Membro non adscrito	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
FAJÍN BARREIRO, CRISTINA	Membro non adscrito	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura electrónica.

A alcaldesa
María Josefa Pose Rodríguez

Dou fe, a secretaria xeral
Cristina Alonso Losada